

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 26 DE NOVEMBRO DE 2007.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **CATORCE HORAS** do día **VINTESEIS DE NOVEMBRO DE DOUS MIL SETE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D<sup>a</sup>. PAULA FERNANDEZ PENA**, réunese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia do señor tenente de Alcalde **DON MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** e a concelleira **D<sup>a</sup> MARIA DOLORES GARCIA TROITIÑO** e do Secretario acetal. da Corporación **DON DAVID GARCIA LAREO**.

Non asiste: **D<sup>a</sup> OFELIA REY RECIMIL**  
**D<sup>o</sup> JAVIER CUIÑA MACEIRA**

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

**1º.- ACTAS ANTERIORES.-**

**2º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-**

**3º.- CONTRATACIÓN.-**

**4º.- SUBVENCIONS.-**

**5º.- URBANISMO.-**

**6º.- INTERVENCIÓN.-**

**ROGOS E PREGUNTAS.-**

**1º.- ACTAS ANTERIORES.-**

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda aproba-la acta correspondente á sesión do 02 de novembro de 2007.

**2º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-**

**2.1.-** Escrito da Delegación Provincial da Consellería de Innovación e Industria - Servizo Provincial de Turismo, Rexistro de Entrada nº 7456, de data 22 de novembro de 2007, remitindo relación de establecementos dedicados a hostelería, que se legalizaron na mencionada delegación durante o pasado mes de agosto.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

**2.2.-** Escrito do Departamento de Acción Social, Promoción de Emprego e Muller da Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 7455, de data 22 de novembro de 2007, remitindo resolución presidencial pola que se da de baixa no Programa de Teleasistencia Domiciliaria a Dº Manuel Giadas Brey, por pasamento.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito e acorda dar traslado do mesmo á Concellería de Servizos Sociais.

**2.3.-** Escrito da Delegación Provincial da Consellería de Cultura e Deporte, Rexistro de Entrada nº 7453, de data 22 de novembro de 2007, remitindo convocatoria da Comisión Territorial do Patrimonio Histórico.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

**2.4.-** Escrito de Turgalicia, Rexistro de Entrada nº 7461, de data 22 de novembro de 2007, remitindo calendario de feiras nacionais e internacionais nas que a Dirección Xeral de Turismo, a través de Turgalicia, estraá presente ao longo do ano 2008, polo que este Concello poderá remitir material promocional para que sexa distribuído dende os mostradores do stand de Galicia naquelas feiras que sexan de interés para este municipio.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito á concellería de Turismo.

**2.5.-** Escrito de Augas de Galicia - Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada nº 7460, de data 22 de novembro de 2007, remitíndose resolución de data 31 de outubro de 2007, en relación ó expediente DH.W36.12408, polo que se autoriza a UTE Docarbo para o cruce temporal de cauce con marco de formigón prefabricado do rego de Romanín, para a realización das obras de construción da plataforma do corredor norte-noroeste de alta velocidade, no lugar de Besteiros, parroquia de Dornelas (Silleda).

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

**2.6.-** Escrito do Servizo de Acción Social da Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 7469, de data 22 de novembro de 2007, comunicando que estanse a estudar algúns dos programas que xa se viñan a realizar en anteriores convocatorias, como as Semanas Brancas ou Meu Primeiro Voo dirixidos os ciclos da ESO, ademais doutros de nova creación que se teñen previsto orientar ós mozos e mozas doutras franxas de idade (bachelorato e xóvenes de 18 a 30 anos).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda comunicar á Deputación Provincial a adhesión o programa, e dar traslado deste escrito á concellería de Xuventude e Educación.

**2.7.-** Escrito do Colexio María Inmaculada de Silleda, Rexistro de Entrada nº 7443, de data 21 de novembro de 2007, solicitando o equipo de megafonía do Concello, para poder levar a cabo o Festival de Nadal que terá lugar o vindeiro día 20 de decembro de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito ó concelleiro de obras para estudar a posibilidade do solicitado.

**2.8.-** Escritos de D<sup>a</sup> Águeda Rey Martínez, en representación de Taelpo Telecom S.L., Rexistro de Entrada nº 7426 e 7427, ambos de data 20 de novembro de 2007, comunicando que Orange (France Telecom) foi adxudicataria de licenza de telefonía móbil ofertada polo Ministerio de Industria segundo a Orden ITC/954/2005, de 12 de abril, o que supón, por parte da operadora, o compromiso de proporcionar cobertura de telefonía móbil a unha serie de núcleos de poboación, polo que solicita licenza de obra e permisos para o CAP a instalar na finca denominada Xariñas, no lugar de Forcas, parroquia de Laro (Silleda).

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado deste escrito á oficina técnica municipal para tramitación da licenza solicitada, previos os trámites oportunos.

**2.9.-** Escrito do Presidente da Comisión de Seguimento do Plan E-GSM do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, Rexistro de Entrada nº 7462, de data 22 de novembro de 2007, comunicando que, por parte de Orange (France Telecom) se informou da existencia de problemas que impiden, ata o momento, a realización da instalación da antena para poder dotar de cobertura de telefonía móbil ó núcleo de poboación de Vilar (Silleda). Dado que o estado de paralización no que se atopa o proxecto nesta poboación, e a necesidade de adoptar unha resolución determinante en canto a posibilidade real da instalación da antena nese núcleo de poboación, para que no caso de que non poida levarse a cabo dita instalación poida ser substituído ese núcleo por outro, solicitan información municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado deste escrito á oficina técnica municipal para que remitan a información solicitada.

**2.10.-** Escrito da Dirección Xeral de Estructuras e Infraestructuras Agrarias - Consellería do Medio Rural, Rexistro de Entrada nº 7496, de data 23 de novembro de 2007, remitindo título de propiedade da finca nº 693 da zona de concentración parcelaria de Laro-Parada, finca que quedou como “masa común” e da cal é titular o Concello de Silleda.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

**2.11.-** Escrito de Xestur Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 7403, de data 19 de novembro de 2007, comunicando que en relación ó Parque Empresarial de Silleda 2ª Fase, e con data 12 de novembro, quedou convocado o concurso de venda de parcelas do mesmo, e que as ofertas poderán presentarse ata o día 25 de xaneiro de 2008. A este mesmo escrito adxuntan o prego que rexirá a adxudicación do solo.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

**2.12.-** Escrito da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible - Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada nº 7402, de data 19 de novembro de 2007, comunicando que dentro do programa de formación no ámbito da sostibilidade da mencionada consellería e en colaboración co CEIDA (Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia) estase a desenvolver a xornada formativa “A Búsqueda da Sostibilidade dende os Concellos” e que terá lugar o vindeiro día 27 de novembro na Rectoral de Santa Marina do Concello de Covelo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito ó Concelleiro de Medio Ambiente.

### **3º.- CONTRATACIÓN.-**

**3.1.- Rectificación do punto 3.1. do acordo da Xunta de Goberno Local de 21 de maio de 2007, relativo á aprobación de certificación da obra denominada “Restauración do antigo centro de saúde de Silleda como Biblioteca, Local Social e outros servizos da terceira idade. Fase 1. Modificado” do PAM 06-08.**

Advertido erro no punto 3.1. da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 21 de maio de 2007.

Visto o artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réximen xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (“as Administracións públicas podrán asimesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, defeito ou aritméticos existentes nos seus actos”).

Dado que o erro se aprecia tendo en conta exclusivamente os datos do expediente e que o erro é patente e claro, sen acudir a interpretación de normas xurídicas aplicables.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda a corrección da redacción da acta correspondente a sesión ordinaria do día 21 de maio de 2007 no sinalado no punto 3.1., de maneira que onde dí: “*Dase conta da certificación **nº Uno e Única** presentada por Construcciones Agustín Chaira, S.L., Rexistro de Entrada nº 1858, de data 03 de maio de 2007, correspondente á execución da obra denominada “Restauración do antigo centro de saúde de Silleda como Biblioteca, Local Social e outras servizos da terceira idade. Fase 1. Modificado” do PAM 06-08, asinada polo Arquitecto Técnico Director das obras D<sup>a</sup> Paula Fernández Pena, en data abril de 2007, e que ascende a un importe de 20.000,00 □□□, así como Acta de Replanteo a factura desta certificación*” debe dicir: “*Dase conta da certificación **nº Un** presentada por Construcciones Agustín Chaira, S.L., Rexistro de Entrada nº 1858, de data 03 de maio de 2007, correspondente á execución da obra denominada “Restauración do antigo centro de saúde de Silleda como Biblioteca, Local Social e outras servizos da terceira idade. Fase 1. Modificado” do PAM 06-08, asinada polo Arquitecto Técnico Director das obras D<sup>a</sup> Paula Fernández Pena, en data abril de 2007, e que ascende a un importe de 20.000,00 □□□, así como Acta de Replanteo a factura desta certificación*”.

De conformidade co exposto, o punto 3.1. da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 21 de maio de 2007 queda redactado da seguinte forma:

Dase conta da certificación **nº Un** presentada por Construcciones Agustín Chaira, S.L., Rexistro de Entrada nº 1858, de data 03 de maio de 2007, correspondente á execución da obra denominada “Restauración do antigo centro de saúde de Silleda como Biblioteca, Local Social e outras servizos da terceira idade. Fase 1. Modificado” do PAM 06-08, asinada polo Arquitecto Técnico Director das obras Dª Paula Fernández Pena, en data abril de 2007, e que ascende a un importe de 20.000,00 □□□, así como Acta de Replanteo a factura desta certificación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á certificación nº Un da obra “Restauración do antigo centro de saúde de Silleda como Biblioteca, Local Social e outras servizos da terceira idade. Fase 1. Modificado” do PAM 06-08, e que ascende a un importe de 20.000,00 □□□, así como á factura e acta de replanteo

**3.2.- Rectificación do punto 3.2. do acordo da Xunta de Goberno Local de 21 de maio de 2007, relativo á aprobación de certificación da obra denominada “Restauración do antigo centro de saúde de Silleda como Biblioteca, Local Social e outros servizos da terceira idade. Fase 1. Modificado” do PAM 06-08.**

Advertido erro no punto 3.2. da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 21 de maio de 2007.

Visto o artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réximen xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (“as Administracións públicas podrán asimesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, defeito ou aritméticos existentes nos seus actos”).

Dado que o erro se aprecia tendo en conta exclusivamente os datos do expediente e que o erro é patente e claro, sen acudir a interpretación de normas xurídicas aplicables.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda a corrección da redacción da acta correspondente a sesión ordinaria do día 21 de maio de 2007 no sinalado no punto 3.2., de maneira que onde dí: *“Dase conta da certificación **nº Uno e Única** presentada por Construcciones Agustín Chaira, S.L., Rexistro de Entrada nº 1859, de data 03 de maio de 2007, correspondente á execución da obra denominada “Restauración do antigo centro de saúde de Silleda como Biblioteca, Local Social e outros servizos da terceira idade. Fase 1. Modificado” do PAM 06-08, asinada polo Arquitecto Técnico Director das obras Dª Paula Fernández Pena, en data abril de 2007, e que ascende a un importe de 40.000,00 □□□, así como Acta de Replanteo a factura desta certificación”* debe dicir: *“Dase conta da certificación **nº Dous** presentada por Construcciones Agustín Chaira, S.L., Rexistro de Entrada nº 1859, de data 03 de maio de 2007, correspondente á execución da obra denominada “Restauración do antigo centro de saúde de Silleda como Biblioteca, Local Social e outros servizos da terceira idade. Fase 1. Modificado” do PAM 06-08, asinada polo Arquitecto Técnico Director das obras Dª Paula Fernández Pena, en data abril de 2007, e que ascende a un importe de 40.000,00 □□□, así como Acta de Replanteo a*

*factura desta certificación*

De conformidade co exposto, o punto 3.2. da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 21 de maio de 2007 queda redactado da seguinte forma:

Dase conta da certificación **nº Dous** presentada por Construcciones Agustín Chaira, S.L., Rexistro de Entrada nº 1859, de data 03 de maio de 2007, correspondente á execución da obra denominada “Restauración do antigo centro de saúde de Silleda como Biblioteca, Local Social e outras servizos da terceira idade. Fase 1. Modificado” do PAM 06-08, asinada polo Arquitecto Técnico Director das obras D<sup>a</sup> Paula Fernández Pena, en data abril de 2007, e que ascende a un importe de 40.000,00 □□□, así como Acta de Replanteo a factura desta certificación

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á certificación **nº Dous** da obra “Restauración do antigo centro de saúde de Silleda como Biblioteca, Local Social e outras servizos da terceira idade. Fase 2. Modificado” do PAM 06-08, e que ascende a un importe de 40.000,00 □□□, así como á factura e acta de replanteo.

**3.3.- “1ª Fase de Reforma e Ampliación da Casa da Cultura de Bandeira”.**

Visto que por acordo da Xunta de Goberno de 16 de novembro de 2.007 aprobouse o expediente de contratación e dispuxose a apertura do procedemento negociado sen publicidade para a adxudicación das obras de “1ª Fase de Reforma e Ampliación da Casa da Cultura de Bandeira” con arreglo ó proxecto técnico e ó Prego de Cláusulas Administrativas.

Visto que remitíronse invitacións a:

- Construcciones Requeijo y Montaña S.L., Rexistro de Saida nº 2096, de 19.11.07
- Prodezco, Rexistro de Saida nº 2097, de 19.11.07
- Fernando Pena Caramés, Rexistro de Saida nº 2098, de 19.11.07
- Constructora y Promotora Nova Vista S.L. (Construcciones Otefra, C.B.), Rexistro de Saida nº 2099, de 19.11.07
- Construcciones Agustín Chaira S.L., Rexistro de Saida nº 2100, de 19.11.07
- Construcciones Suso Chaira S.L., Rexistro de Saida nº 2101, de 19.11.07

Visto que segundo se desprende do certificado de Secretaría, presentaro proposicións os licitadores seguintes:

Nº	Empresa	Data presentación	Nº Rexistro
01	Constructora y Promotora Nova Vista S.L.	24/Noviembre/2007	7512
02	Construcciones Suso Chaira S.L.	24/Noviembre/2007	7511
03	Fernando Pena Caramés	24/Noviembre/2007	7510

Sendo as ofertas presentadas e admitidas as seguintes:

Nº	Empresa	Relación de medios materiais, técnicos e humanos	Prazo Execución
01	Constructora y Promotora Nova Vista S.L.	Si presenta	1 mes
02	Construcciones Suso Chaira S.L.	Si presenta	3 semanas
03	Fernando Pena Caramés	Si presenta	55 días

Ponderadas e valoradas as mesmas, conforme ós criterios obxetivos sinalados, o resultado foi o seguinte:

Nº	Empresa	PUNTUACIÓN		
		Relación de medios	Prazo de execución	TOTAL
01	Constructora y Promotora Nova Vista S.L.	10,0	6,66	16,66
02	Construcciones Suso Chaira S.L.	6,0	10	16
03	Fernando Pena Caramés	7,5	0	7,5

Vistas as ofertas presentadas e considerando que a adopción deste acordo é competencia da Xunta de Goberno Local, en virtude da delegación efectuada mediante acordo plenario de 06 de xullo de 2.007.

Por todo isto a Xunta de Goberno Local **ACORDA**:

Primeiro.- Adjudicar a Constructora y Promotora Nova Vista, S.L., con C.I.F. B-36319200 e domicilio social en Pareizo-Goiás (Lalín), o contrato das obras de “1ª Fase de Reforma e Ampliación da Casa da Cultura de Bandeira”, con estricta suxección ó Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado por acordo desta Xunta de Goberno Local, en sesión de 16 de novembro de 2007.

Segundo.- Establecer como precio do contrato a cantidade de 120.000,00 euros, IVA incluído.

Terceiro.- Fixa-la garantía definitiva do contrato na cantidade de 4.800,00  (correspondente á adjudicación), de conformidade co Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, que terá que constituir o contratista no prazo de 15 días, contados dende a notificación da adjudicación. De non cumprirse este requisito por causa imputable ó adjudicatario, a Corporación declarará resolto o contrato.

Cuarto.- Formalizar este contrato en documento administrativo, de conformidade co previsto no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

Quinto.- Nomear como director de obra ó asesor técnico municipal, Arquitecto Dº José Luis Rodríguez González e Aparellador a Dº José Antonio Presas Ferreiro.

Sexto.- Proceder a devolución da garantía provisional ós licitadores Fernando Pena Caramés e Construcciones Suso Chaira S.L., segundo establece o prego de cláusulas administrativas.

**3.4.-** Dada a necesidade de proceder a contratación dentro do Programa do Concello denominado “CASCARÓN” dos servizos “Esperta con nós” e “Espazo Divertido”, durante os meses xaneiro a xuño de 2008 (ambos incluídos), para a garda e coidado de nenos e nenas dentro das instalacións escolares do CEIP de Silleda durante os períodos de tempo que discorren desde que os pais saen de casa para ir a traballar ata a entrada dos nenos nos Centros Escolares, e desde que finaliza a xornada escolar ata que os pais poden recollelos

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

**PRIMERO:** Que se inicie o procedemento de contratación do servizos de “Esperta con nós” e “Espazo Divertido” no CEIP de Silleda, mediante procedemento negociado sin publicidade por razón da contía.

**SEGUNDO:** Que se incorporere ó expediente de contratación o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexirá o contrato, determinándose para a adxudicación do contrato o expediente de contratación urxente e o procedemento negociado sin publicidade.

**TERCEIRO:** Que por parte da Secretaria se emita informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir

**CUARTO:** Que por parte da Interventora se emita informe sobre a existencia de consignación suficiente para autorizar o gasto para realizar a contratación referenciada.

#### **4º.- SUBVENCIONES.-**

**4.1.-** Escrito do Servizo de Promoción do Emprego-Delegación Provincial da Consellería de Traballo, Rexistro de Entrada nº 7500, de data 23 de novembro de 2007, remitindo resolución do delegado provincial, mediante a cal se concede a este concello unha subvención para a financiación nunha cuantía equivalente ao 80% dos custos laborais totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por tódolos conceptos, derivados da contratación por un período dun ano dun axente de emprego e desenvolvemento local ao abeiro da Orde do 09 de agosto de 2007, debéndose remitir a esta delegación diversa documentación segundo os artigos 13 e 16 da citada orde.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito o Axente de Desenrolo Local para que proceda a remitir a documentación solicitada.

#### **5º.- URBANISMO.-**

##### **5.1.- Licencias de Obra maior:**



**5.1.1.-**A Xunta de Goberno Local, vistos os informes técnico e xurídico, acorda por unanimidade:

1º.- Salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, conceder a licenza que se solicita nos termos que se expresan a continuación:

- a) NOME OU RAZÓN SOCIAL DO PROMOTOR: MANUEL CAYETANO DOMÍNGUEZ, con domicilio na Rúa Xeral, nº 49 de Bandeira (Silleda).
- b) FINALIDADE DA ACTUACIÓN E USO Ó QUE SE DESTINARÁ: Demolición de edificación (de planta baixa e planta primeira). Proxecto visado polo Colexio Oficial correspondente en data 21 de setembro de 2007
- c) SITUACIÓN E EMPRAZAMENTO DAS OBRAS: Rúa Iryda, nº 43 de Bandeira (Silleda).
- d) TÉCNICO AUTOR DO PROXECTO E DIRECTOR DAS OBRAS: Arquitecto Técnico Dº José Pereiras Sánchez.
- e) CONTÍA NA QUE SE ORZAN AS OBRAS: 2.679,12 € (execución material).
- f) CONDICIONANTES: Os definidos no proxecto técnico, e os especificados no informe do asesor técnico municipal, de data 16 de outubro de 2007, no que se sinala:

*“1º.- Á presentación dunha declaración, baixo a súa responsabilidade, de que se vai a efectuar a reposición total de tódolos servizos urbanos danados como consecuencia das obras realizadas no casco urbano, de acordo coas disposicións técnicas dos servizos municipais.*

*A demolición deberase realizar tendo en conta os seguintes termos:*

*Toda ocupación da vía pública con casetas, materiais, contenedores, maquinaria ou outros elementos afectos a unha obra, deberá contar necesariamente coa autorización administrativa.*

*a- Esta autorización deberá solicitarse conxuntamente coa licenza de obra, cando se prevea con antelación, mediante especificación na memoria.*

*b- No caso de que non poidera solicitarse conforme se prevé no párrafo anterior, deberá presentarse solicitude separada na que deberán especificarse tódolos datos necesarios para a súa localización e demais requisitos esixidos nesta Ordenanza. Neste caso a solicitude presentarse antes do inicio das obras e non poderá entenderse concedida ata que non se notifique resolución expresa ó efecto.*

*A ubicación das ocupacións a que se refire este capítulo deberá estudiarse a fin de que sexa un emprazamento estratéxico que minimize a súa incidencia no entorno, aproveitando inevitablemente as zonas que non son utilizadas para o tráfico rodado e coa menor perturbación ó tránsito peonil. Asimesmo, deberá preverse que a ocupación se produza polo mínimo tempo posible e na dimensión axeitada para servir a seu obxecto, poidendo, neste punto, ser obxecto de inspección municipal,*

*quen informará sobre a súa adecuación ou non ó obxecto de que o Concello poida ordear o levantamento daquelas ocupacións que se atopen sobredimensionadas ou sexan innecesarias.*

*Unha vez finalizada a ocupación procederase á limpeza das zonas ocupadas e á reposición de calquer dano que poidera haberse causado sobre os pavimentos ou servicios afectados.*

*Non se permitirá o almacenamento de materiais nin medios auxiliares máis tempo do estrictamente necesario para a súa utilización ou posta en obra.*

*Ó finalizar a xornada de traballo, deberanse retirar ou, si se autorizou expresamente para elo, verter en contenedores axeitados tódolos acopios procedentes do vaciado de zanzas e escombros, deixando a zona ocupada en estado de orde e limpeza axeitada.*

*Tódolos materias e acopios que non estean debidamente apilados ou depositados en contenedores, serán retirados da vía pública.*

*Tódolos elementos cos que se ocupa a vía pública son responsabilidade do titular da licencia, quen responderá do seu correcto estado de uso, mantemento e retirada.*

*Todo elemento que altere nalgunha medida a superficie vial suporá un obstáculo que haberá de ser debidamente protexido con vallas.*

*Durante as horas en que non se estea traballando, de noite e nos fines de semana ou festivos, a obra e os elementos anexos á mesma, deberán quedar en perfectas condicións para evitar accidentes e danos materiais ou persoais. A tal fin, sinalizaránse convenientemente con sinais de tráfico normalizadas, carteis e luminarias. Así mesmo procederáse ó tapado das zanzas cos materiais axeitados en función da súa localización, accesibilidade e dimensión.*

*O Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, no seu artigo 199.11, establece as seguintes condicións para o Vallado de Obras:*

*1) En toda obra de nova planta ou de derribo e nas de reforma ou conservación que afecten ás fachadas, haberá de colocarse unha valla de protección de 2 m. de altura, como mínimo, de materiais que ofrezan seguridade e conservación decorosa e situada á distancia máxima de 2 m. da aliñación oficial. En todo caso deberá quedar na beirarrúa un paso libre de 0,60 m. de ancho para o paso de peóns.*

*2) Si coa aplicación das condicións anteriores resultara un ancho inferior a un metro dentro da valla, ou cando por circunstancias especiais non se faga aconsellable a aplicación de ditas normas, o técnico municipal correspondente fixará as características da valla, poidendo ordenar a súa desaparición total no momento no que terminen os traballos indispensables na planta baixa, continuando as obras nas plantas superiores, previa a colocación de andamio de protección que permita o tránsito pola beirarrúa e ofrezca a debida*

*seguridade para a circulación na vía pública. En casos especiais en que polo técnico municipal se considere indispensable, poderán adoptarse medidas de carácter extraordinario.*

3) *Non se consentirá cubrir o espacio da vía pública limitado pola valla.*

4) *Cando as obras ou instalacións poidan supoñer, en si mesmas ou no seu montaxe, un perigo para os viandantes, esixirase durante as horas de traballo a colocación na rúa dunha corda ou palenque cun operario que advirta o perigo. Cando as características do tránsito o aconsellen, poderá limitarse o traballo a determinadas horas.*

5) *Nas zonas en que sexa obrigatorio o retranqueo, a valla colocarse na aliñación oficial. Non será obligatoria cando estea construído o cerramento definitivo.*

6) *Será obrigatorio a instalación de luces de sinalización con intensidade suficiente en cada extremo ou ángulo saínte das vallas.*

7) *A instalación de vallas enténdese sempre con carácter provisional en tanto dure a obra. Por elo dende o momento en que transcurra un mes sin dar comezo as obras, ou estean interrompidas, deberá suprimirse a valla e deixar libre a beirarrúa ó tránsito público.*

#### **OUTRAS SITUACIÓNS:**

##### **1.- Instalación de contenedores para acopio e retirada de escombros.**

*Os contenedores para a recollida de escombros procedentes de obras, suxeitaranse en todo momento ás seguintes condicións:*

*a- Deberán colocarse nas beirarrúas, entre os alcorques das árbores, onde existan, e deixando libre como mínimo un paso de 1,50 m., ou nas calzadas, en zonas de apardoiros permitidos, de modo que non sobresalgan en dita zona e non sexan un obstáculo que entorpeza a libre circulación dos vehículos, de acordo co disposto no artigo 39 do Código de Circulación. Do mesmo xeito deberá sinalizarse convenientemente o contenedor pola súa conta, de acordo co establecido nos artigos 41 e 54 do Código de Circulación.*

*b- As maniobras para deixada e recollida dos contenedores, deberán realizarse do modo previsto no Código de Circulación, sin causar molestias ó tráfico e quedando totalmente prohibida a colocación ou recollida de contenedores de 8:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 20:00 horas, salvo que polo Concello se dispoña outra cousa.*

*c- En cada contenedor deberá figurar indicativo de pertencencia á empresa propietaria do mesmo que deberá coincidir coa titular da autorización municipal ou, no caso de non selo, baixo tutela e responsabilidade directa de aquela.*

*d- Para a solicitude das autorizacións de instalación de contenedores deberase presentar:*

- Fotocopia do carné de identidade do solicitante ou representante da empresa.*
- Memoria descritiva do tipo de ocupación que se vai a realizar.*
- Plano de situación acotado e con indicación dos elementos de mobiliario urbano existentes na área de influencia da ocupación.*

*As autorizacións de instalación dos contenedores poderán ser anuais, debendo solicitar o interesado, si o desexa, a renovación da mesma cunha antelación mínima de dous meses respecto ó vencemento de dita autorización.*

*e- Para responder dos danos que se poideran ocasionar, o interesado deberá depositar unha fianza de 120,00 € por contenedor, que deberá repoñer ou completar, cando se minore dito depósito en virtude de indemnizacións e elo no prazo de 48 horas a contar dende a notificación, co obxecto de manter íntegra a súa garantía durante a vixencia do contrato, sempre que non se dispoña outra cousa na Ordenanza Fiscal correspondente ou mediante Convenio suscrito entre a Administración e os interesados.*

## *2.- Instalación de grúas-torre e similares:*

*Para a solicitude de autorización de instalación de grúas-torre e similares deberase presentar:*

- a) Memoria descritiva da instalación e planos de situación e emprazamento acotados e a escala suficiente para comprobar a situación real dos elementos da instalación e o estado da vía pública. Incluirase Informe das condicións portantes do terreno baixo a grúa asinado polo técnico-director da obra.*
- b) Xustificación da existencia de seguro de responsabilidade civil por parte da empresa instaladora que cubra o risco correspondente (fotocopia póliza risco).*
- c) Certificado de homologación (ou no seu caso fabricación) ou inspección técnica da grúa.*
- d) Certificado de montaxe da grúa que se pronuncie sobre, polo menos, estes aspectos:*
  - 1- Datos da obra e instalación: Situación (rúa-lugar, número e poboación), propietario da grúa (nome, DNI/CIF e nome e DNI do Xefe de Obra).*
  - 2- Características da grúa-torre: Marca, tipo, ano de fabricación e*

*número de fabricación.*

- 3- *Certificación, do director dos traballos de montaxe e instalación, de que a grúa cumpre coas disposicións legais vixentes que lle son de aplicación.*
- 4- *Certificado, do director dos traballos de montaxe e instalación, do correcto funcionamento da grúa e seus dispositivos de seguridade.”*

g) PRAZOS PARA O INICIO E TERMINACIÓN DAS OBRAS: De acordo co determinado no PXOM de Silleda, a licencia caducará ós 6 meses da súa outorgación, caso de non dar comenzo as obras. Poderá prorrogarse por un prazo igual ó anterior, de acordo co establecido no Decreto 28/99, do 21 de xaneiro, as obras finalizarán no prazo de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior a seis meses.

h) OUTROS:

-Deberá colocar en lugar visible o cartel de obras de 1x 0,70 metros cos seguintes datos: obra a realizar, promotor, situación, arquitecto, aparellador, nº de licencia e data da licencia, e debendo cumprir coas condicións xerais e particulares establecidas na correspondente ordenanza. Nº de Licencia 4558/07.

2º) Aprobar a liquidación de taxas e imposto sobre construcións que ascende a 21,04 e 60,28  que deben ser ingresadas previamente nas arcas municipais.

## **5.2.- Actividades Clasificadas**

**5.2.1.-** Licencia Nº 2463/05. Visto o expediente instruído a instancia de Dº LUIS VINSEIRO VILLAR, solicitando Licencia para construción dunha fosa de xurro na finca nº 104, polígono 3, do plano de concentración parcelaria de Escuadro-Rellas, para explotación de gando porcino, situada nas fincas nº 10 e 111, polígono 3, do mesmo plano de concentración, nas proximidades do lugar de Sestelo, parroquia de Escuadro (Silleda).

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e da Corporación Municipal.

RESULTANDO: Que elevado á Comisión Provincial de Medio Ambiente, este Organismo, con data 12 de novembro de 2007, (Registro de Entrada nº 7391, de data 19 de novembro de 2007) informa en sentido favorable, calificando dita actividade como Molesta, Insalubre e Nociva, CD. 012-43, e dende o punto de vista ambiental, condiciónase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) O cumprimento das Medidas Correctoras propostas en planos e memoria.
- b) A que o emprazamento sexa o sinalado no proxecto.
- c) Ó cumprimento das distancias mínimas segundo proxecto.
- d) As fosas deberán ser estancas e en ningún momento poderán existir vertidos

directos ao medio natural. Previa á licenza de actividade aportará un certificado polo técnico responsable que acredite a estanqueidade e impermeabilidade.

- No se utilizará a fosa de cadáveres. Segundo o Regulamento Ce 1774/2002, prohíbese o enterramento de animais mortos, só se permitirá a súa eliminación ou transformación baixo condicións que determina este Regulamento.

- Tódalas instalacións cumprirán os requisitos establecidos no RD 1135/2002, de 31 de outubro, relativo ás normas mínimas para a protección de porcos.

- A auga de abastecemento procedente de pozo, contará cun sistema de cloración permanente que garanta a potabilidade da auga de consumo, haberá de proceder a súa inscrición perante o organismo de augas de Galicia.

- Os residuos que se xeren durante a actividade se xestionarán con xestores autorizados, coa periodicidade que requira o correcto mantemento da instalación, atendendo a súa tipoloxía.

- A utilización de esterco coma fertilizante agrícola seguirá as indicacións do Código Galego de Boas Prácticas Agrarias, respectando as distancias mínimas e as cantidades máximas permitidas por Ha segundo o RD 261/1996 de 16 de febreiro de protección contra a contaminación producida por nitratos procedentes de fontes agrarias, e o RD legislativo 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas.

RESULTANDO: Que elevado á Dirección Xeral de Urbanismo, este Organismo, con data 18 de outubro de 2006 (Rexistro de Entrada nº 4735, de data 09 de novembro de 2007), concede autorización previa á concesión de licenza municipal, sinalando que, dacordo con disposto no artigo 42.1e) da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, polo solicitante farase constar no rexistro da propiedade, a vinculación da total superficie real do predio á construción e uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e edificabilidade que a continuación se relacionan, debendo remitir ao Servizo de Urbanismo e Inspección Territorial de Pontevedra, antes do inicio das obras e implantación do uso, certificación do Rexistro da propiedade na que consten os seguintes extremos:

- titular do predio: LUIS VINSEIRO VILLAR
- superficie do predio: 5.827,00 m<sup>2</sup>.
- referencia catastral: 360520000013100794QE
- uso autorizado: fosa de xurro
- superficie edificable:-----
- ocupación: -----
- altura máxima: -----
- distancia a linderos: > 5 m

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.

Esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a concesión da **licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade**, CONDICIONADA esta última ó

cumprimento das observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Comisión Provincial de Medio Ambiente e Dirección Xeral de Urbanismo, non podendo comezar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licencia; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal.

**5.2.2.-** Examinado o expediente promovido por BANESTO, S.A., en virtude de instancia nº 3954 de data 03 de setembro de 2007, solicitando Licencia de actividade correspondente a reforma e acondicionamento de oficina bancaria, ubicada na rúa Xeral Franco, nº 57 baixo (Silleda), segundo proxecto do Arquitecto Dº José Antonio Calvo Blanco, visado polo Colexio Oficial en data 27 de agosto de 2007, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas y Peligrosas, aprobado polo Decreto 2414/1961, de 30 de Novembro.

**RESULTANDO:** Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite.

**RESULTANDO:** Que cumpríndose os trámites de información pública, constando no expediente notificacións persoais, anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello, publicación no B.O.P., non existindo alegacións, e incorporando o informe do Asesor Técnico Municipal congruente ca natureza da actividade, de data 20 de novembro de 2007.

**CONSIDERANDO:** Que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe, en extensión e detalle, as características da actividade, súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garantir a tranquilidade, salubridade e seguridade cidadán e súa adecuación o medio ambiente.

**CONSIDERANDO:** Que no emplazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona non está en contradición co disposto nos acordos e Ordenanzas municipais sobre a materia, respétanse as distancias previstas e non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.

Vistos, o Decreto 2414/61, de 30 de Novembro, e demais Disposicións concordantes de aplicación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Informar favorablemente a concesión da Licencia Municipal Nº 3954/07 instada por BANESTO, S.A., para reforma e acondicionamento de oficina bancaria, ubicada na rúa Xeral Franco, nº 57 baixo (Silleda)

2º.- Remiti-lo expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental para

que emita informe previo á concesión da correspondente licencia.

**5.3.-** Dase conta do escrito de denuncia presentado por D. Ulises Bértolo García, actuando en representación da entidade mercantil “NOVA CARBALLEIRA 2002”, en data 19 de novembro de 2.007, con número de rexistro de entrada 7.396, sobre a realización de tres obras en curso de execución presuntamente ilegais, que son as seguintes:

- Obra sita na Rúa D esquina Travesía do Campo desta localidade, executada por FEMASI S.L..

- Obra sita na Rúa República Arxentina, s/n desta localidade, realizada por OBRATEC. Obras Técnicas de Galicia S.L.

- Obra sita na Rúa República Arxentina, s/n (Silleda), esquina con rúa de próxima apertura prevista no PXOM de Silleda, realizada por PROMOTORA LALIN 2000 S.L.

Por todo elo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Que se emita informe polos Servicios Técnicos Municipais, ós efectos de determinar si procede adoptar medidas de protección da legalidade urbanística, tales como a paralización cautelar das mesmas.

**5.4.-** Visto que en data 17 de agosto de 2.007, a Xunta de Goberno Local acordou incoar procedemento de restauración da legalidade urbanística, referente á execución de obras sin licencia, consistentes na construción de cuberto sobre un muro medianero realizadas por Dona Adelina Guerra Gallego, no lugar de San Fiz nº 33.

Visto o informe emitido polos Servicios Técnicos, no que se sinala que “*A obra non cumpre coas distancias mínimas esixidas segundo a lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, polo que non é legalizable.*”

Visto o informe de secretaría no que se sinala o procedemento a seguir e a lexislación aplicable,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

**PRIMEIRO.** Dispoñer a demolición das obras de edificación en curso de execución realizadas por Dona Adelina Guerra Gallego no muro medianero lindante coa súa propiedade, sita no lugar de San Fiz nº 28, parroquia de Margaride, Silleda.

**SEGUNDO.** O anteriormente exposto debe realizarse no prazo de dez días, contados desde o día seguinte ó da recepción da notificación deste acordo, a costa do propietario.

**TERCEIRO.** Advertir que, si transcorrido tal prazo non se houberse cumprido có ordeado, procederase previo apercibimento á execución subsidiaria polo Concello, todo elo a costa do obrigado, de conformidade có establecido na Ley 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, sin perxuízo das sancións que procedan.

**CUARTO.** Notificar ós interesados para que poidan examinar o expediente e



presentar as alegacións que tengan por convinte, outorgándolles un prazo de dez días.

**6º.- INTERVENCIÓN.-**

**6.1.-** Visto o informe emitido pola Interventora do Concello, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á relación de facturas nº 00018-07, de data 26 de novembro de 2007, ascendendo a mesma a un importe total de 58.779,86 □□□ (Relación en Anexo adxunto)

**ROGOS E PREGUNTAS**

Non houbo intervencións

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as quince horas, extendéndose a presente acta, do que como Secretario acctal., dou fe.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO acctal,